

# XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO NA REVISTA CARTEL: DOUS POEMAS NON RECOMPILADOS

XOSÉ ANXO GARCÍA LÓPEZ

**E**ste estudio é unha pequena achega á obra poética de Xosé María Díaz Castro (Os Vilares-Parga, Guitiriz, 1914-Lugo, 1990), centrada nos textos publicados por este autor a mediados da década dos corenta na revista galega *Cartel*, non reeditados nin posteriormente nin consignados adecuadamente nos estudos levados a cabo ata a data sobre a produción literaria do autor dos Vilares.

A publicación viguesa *Cartel* aparece por primeira vez en febreiro de 1937 baixo a supervisión de Antonio Otero Coira. En opinión de César Antonio Molina, a presenza da cultura nas súas páxinas é un feito pouco menos que anecdótico, limitándose a unhas traducións de Schwob e Bernard Shaw, xunto a un poema de Julio J. Casal<sup>1</sup>. Non temos noticia de que saísen máis números da revista ata decembro de 1945, no que se inaugura a segunda época da publicación, agora subtitulada *Revista de Galicia*, que terá como director a Julio Sigüenza. Saíu regularmente ata agosto de 1946, data na que desaparece definitivamente despois de publicar un total de doce números. Como é doado supoñer, pese a conter moitas referencias a Galicia, a maior parte dos artigos están escritos en castelán. As súas páxinas acollen traballos de Victoriano Taibo, Ánxel Fole, Manuel Cuña Novás ou Eliseo Alonso, entre outros. Polo que fai especificamente á literatura en lingua galega, esta redúcese case exclusivamente ás aportacións en verso de Antón Noriega Varela, Luís Amado Carballo, Julio Sigüenza, Xosé Díaz Jácome e Xosé María Díaz Castro, colaboradores que, agás os dous primeiros autores, alternan o uso do galego e o castelán como linguas poéticas.

Centrándonos en Díaz Castro, a súa sinatura só figura ó pé de dous textos. O primeiro deles, «Terra

e mar», aparece publicado no número seis, correspondente ó quince de marzo de 1946. En canto ó segundo, «Sobre las rocas de ámbar», sae no número seguinte na primeira quincena de abril do mesmo ano. Polo que fai a «Terra e mar», esta composición foi recollida posteriormente con numerosas variacións no poemario *Nimbos* (1961) baixo o título de «Aí, capitán». Pola data de edición dos poemas, estes deberon ser compostos durante a estadía do autor en Vilagarcía de Arousa. Gracias ás noticias biográficas inseridas na súa correspondencia con Claudio Rodríguez Fer<sup>2</sup>, temos noticia de que naquela altura Díaz Castro iniciaba unha destacada etapa no plano da creación poética, como proba a obtención dos premios ós mellores poemas en galego e castelán nos Xogos Florais de Betanzos de 1946, concedidos á triloxía «Nascida d' un soño» e á longa composición «El cántico de la ciudad»<sup>3</sup>. Neste período desenvolve unha intensa actividade como poeta en castelán, dando forma ó poemario *Sombras radiantes* e algún outro orixinal sen título, no cal, de acordo cos datos dos que dispoñemos, se inclúe «Terra...» e mesmo podería estar compilado «Sobre las rocas...»<sup>4</sup>. En resumo, os textos que hoxe rescatamos veñen sendo

<sup>2</sup> Rodríguez Fer, Claudio, «Díaz Castro desde o frío», *Dorna*, 17, xaneiro de 1991, p. 22.

<sup>3</sup> Os textos coñeceron unha primeira edición por separado ese mesmo ano na imprenta *Celta* de Vilagarcía que o autor pagou do seu propio peto. Asemade, tanto os sonetos galegos como a composición en castelán foron publicados na revista *Anuario Brigantino* en 1948 e 1951, respectivamente. Con posterioridade, os poemas foron inseridos por Xesús Torres na colectánea *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, editada pola Asociación Cultural *Xermolos* de Guitiriz en 1987. Máis recentemente, a triloxía «Nascida...» foi recollida no volume *Betanzos na voz dos poetas*, editado polo concello brigantino en 1994.

<sup>4</sup> Dado que non chegamos a consulta-lo orixinal manuscrito, a única fonte de información sobre este particular (e non todo o clarificadora que desexariamos) é o estudio de Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta: Xosé María Díaz Castro*, Lugo, Fundación Caixa Galicia, 1995. Polo que fai á obra

<sup>1</sup> Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo, Xerais, 1989, p. 483.

poemas escasamente coñecidos e difundidos, feito que nos induce a reproducilos na súa integridade, respectando as grafías orixinalmente empregadas polo noso autor:

### TERRA E MAR

*¡Chorar, chorar, mentras o barco rompe  
contra o sol-por da noite!*

*Xa non veréi a tua pipa  
fomegar máis,*

*a tua risa, para sempre  
afondada no mar.*

*Lume che din, cinza me queda,  
capitán.*

*Sola a sirena do teu barco  
toda a eternidá,*

*fume nos ollos, aréa fría  
nas miñas mans.*

*¡E ti fumando n-esa pipa  
a miña vida, capitán!*

*¡Chorar, chorar:  
como sempre choraron as mulleres,  
si capitán, con barcos ou sin eles!*

### SOBRE LAS ROCAS DE ÁMBAR

*Sobre las rocas de ámbar de mi sueño,  
te escribo en el dolor. Ya si algo siento  
es mi propia presencia como un leño  
ardiendo, y en los tientos la terquedad del viento...*

*Te escribo en este palpitar la yema  
en mí, de tu sonrisa que germina.  
¡Horas pasadas fuera del poema!  
¡Oh niña, niña, junto a mí divina,*

*y tan lejos de mí en la noche larga!  
No poder franquear la noche, oh mía,  
para decirte verbos de alegría!  
¡Tener que ver sin tí la luna amarga!*

*Desde la soledad de mis sentidos,  
lejos de mí, te vivo en cada trazo.  
Como dos piés para la danza unidos,  
así los dos... ¡Y ver ahora el brazo  
del espacio apartando dos latidos,  
partiendo en dos olvidos nuestro abrazo!*

*Orfandad de mi mano, que atraviesa  
el cielo inútil del papel, lejano.  
Mi mano te habla y cada letra pesa  
más que un siglo de paz perdido en vano.  
¡Oh mano ayer temblando en la promesa,  
ve la perdida gloria de mi mano!*

*Te escribo en esta noche de Galicia  
y enfrente, el mar sin voz como un olvido.  
¿Qué vale, viento oscuro, tu caricia  
sobre el dolor apenas comprendido?*

*Palabras no acabadas, sin medida,  
desde los hondos valles de mí mismo.  
¡Palabras para tí toda la vida!  
Hebras en la sutura de mi herida,  
alfombras vanas sobre nuestro abismo.*

*¡Noche sin tí, rendida a los antojos  
de una luna cruel!... He aquí el papel, destello  
de tu falda, esperando sobre y sello...  
¡Ay sello de tus brazos a mi cuello!  
¡No ver la Nochebuena de tus ojos,  
no el árbol de Noel de tu cabello,  
no el pan caliente de tus labios rojos!*

*Mañana el sol dirá a los abedules  
que todo marcha bien. ¡Mi dulce olvido,  
no te perdona el mundo esos ojos azules!  
Te quiero. Adiós. El viento se ha dormido.*

poética édita e inédita do noso autor ata 1946, véxanse especialmente as páxinas 23-35.